PARLAMENTO DE GALICIA

[RRC/MSGN]

Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, do día 31 de maio de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, o día 31 de maio de 2024, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
María Felisa Rodríguez Carrera
(Vicepresidenta)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
María Encarnación Amigo Díaz
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Enrique Barreiro Sánchez
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
Carmen María Pomar Tojo
Roberto Rodríguez Martínez
Borja Verea Fraiz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Iria Carreira Pazos
(en substitución de Iago Suárez Fernández)
Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Silvia Longueira Castro
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Preguntante:
Paloma Castro Rey
Comparecente:
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle á Sra. secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)
1.1 (12/CEEM-000021)

A señora presidenta comunica que, estando vacante a Vicepresidencia desta Comisión, pola renuncia do seu súa titular, procédese á súa elección mediante votación nominal. Lémbralles ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que o chamamento se efectuará por orde alfabética do primeiro apelido. Resultará elixido Vicepresidente ou Vicepresidenta quen obteña un maior número de votos.

Logo da distribución das papeletas para realizar a votación, a señora presidenta solicita da señora secretaria da Comisión que inicie o chamamento. Unha vez rematada a votación, o resultado do escrutinio é o seguinte:

María Felisa Rodríguez Carrera..... 9 votos
En branco ..... 8 votos
Nulos ..... 0 votos
Total de votos emitidos ..... 17 votos

En consecuencia, resulta elixida **vicepresidenta** da Comisión, **María Felisa Rodríguez Carrera, do G.P. Popular de Galicia**, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

A señora presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningunha obxección nin oposición, polo que a devandita delegación enténdese **aprobada por asentimento**.

PARLAMENTO DE GALICIA

Neste intre a señora presidenta da conta dunha alteración da orde do día, comunicada previamente ás voceiras e aos voceiros dos grupos parlamentarios, consistente en debater en primeiro lugar a pregunta que figura en terceiro lugar.

Punto 3. Preguntas

3.1 2091 (12/POC-000345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o número de sentenzas condenatorias do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recibidas pola CRTVG nos catro últimos anos e durante o mandato do actual director xeral, así como sobre as súas consecuencias en gastos procesuais e indemnizacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

A **señora Longueira Castro (S),** dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** para dar resposta ás cuestións formuladas pola señora deputada.

Na rolda de réplica a **señora Longueira Castro (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida.

O **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

Retómase a orde do día co debate das restantes preguntas:

3.2 851 (12/POC-000101)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre a misión da CRTVG de reflectir a diversidade e pluralidade ideolóxica, política e social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodil Fernández (BNG**), que pasa a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en termos

PARLAMENTO DE GALICIA

semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

-Auséntase da sala a señora Longueira Castro e incorpórase a señora Rodríguez Dacosta.-

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica a **señora Rodil Fernández, (BNG),** manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

3.3 867 (12/POC-000108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 4 máis
Sobre o cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

Intervén novamente a **señora Rodil Fernández (BNG**), quen, como cuestión previa, deixa constancia de que esta iniciativa debía ser debatida na Comisión 1ª e que isto é debido a un erro da que é autora. A seguir expresa os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa e que aparecen publicados BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica a **señora Rodil Fernández (BNG),** manifesta diversas discrepancias coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **señor director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, don Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e engadindo novos datos.

PARLAMENTO DE GALICIA

3.4 4024 (12/POC-000591)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a valoración de determinados contidos do programa de TVG "Land Rober Tunai Show" emitidos o 9 de maio deste ano e as eventuais decisións tomadas pola dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia ante unha posible vulneración da intimidade dunha muller que formaba parte do público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f2, do 22.05.2024

A **señora Castro Rey (S),** dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia intervén o **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** para dar resposta ás cuestións formuladas pola señora deputada.

Na rolda de réplica a **señora Castro Rey (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida.

O **señor director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

3.5 4105 (12/POC-000600)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 5 máis
Sobre o balance e as previsións de cara ao futuro respecto da plataforma dixital AGalega, posta en marcha hai case medio ano pola CRTVG
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 28f2, do 22.05.2024

Intervén a **señora Pomar Tojo, (P)**, que pasa e expoñer as razóns nas que se basean as cuestións concretas que se conteñen na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral da Corporación da Radio Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo.**

A **señora Pomar Tojo, (P),** fai uso da súa rolda de réplica para agradecer a información recibida, que comenta con novas consideracións ao respecto.

PARLAMENTO DE GALICIA

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **señor director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galicia**, contestando ás cuestión expostas pola señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradécelle ao señor Sánchez Izquierdo, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión, así como ao persoal da Cámara polos servizos prestados.

Remata a sesión ás 12:40 horas.

Raquel Arias Rodríguez

Firmado digitalmente por Raquel Arias Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Raquel Arias Rodríguez, email=raquel.arias.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.24 11:33:25 +02'00'

V.º e pr.:
Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Alexandra Fernández Gómez

Firmado digitalmente por Alexandra Fernández Gómez
Fecha: 2024.10.24 10:45:07 +02'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión